

ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS SOBRE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORDENACIÓN E MELLORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FARMACÉUTICOS OFICIAIS DA CLASE DE FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SAÚDE PÚBLICA.

SOLICÍTASE que se incorporen as seguintes modificacións na proposta de acordo:

No preámbulo, punto C4) no que se indica Colaboración en actividades doutros departamentos da Dirección Xeral de Saúde Pública que carecen de inspectores propios como por exemplo actividades relacionadas coa vixilancia e control sanitario da normativa referente a prevención de adiccións, así como as relacionadas coas accións a desenvolver no futuro Plan Inspira Saúde, **solicítase a eliminación do mesmo por falla de concreción, posibles incompatibilidades no relativo ás funcións e por ser o comunmente denominado como caixón de xastre.**

No punto SEGUNDO. Revisión do complemento de destino.

O complemento ven xustificado polas características dos postos de traballo descritas no propio acordo no punto A) CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO, **o incremento de funcións e as complexas tarefas que se derivan** da actividade de regulación e inspección da saúde pública, a condición de autoridade sanitaria e as actuacións inherentes a función de inspección. Entendemos que o nivel proposto non necesita ser aderezado con outras circunstancias, senón que esas **circunstancias engadidas como cambios de horarios, gardas etc deben ser obxecto dun complemento diferencial.**

Non se pode xustificar unha condición específica no complemento de nivel que é o que corresponde ao complemento de destino polo que se solicita a **eliminación do requisito de "formación específica 954: Permiso de conducir B (R.I.)" como xustificación** para a revisión do complemento, xa que ademais a condución non ten que ver coa calidade e desempeño dunha inspección, **en todo caso debería ser obxecto de negociación separada como un complemento de condución, coma así ocorre no persoal laboral.**

No punto TERCEIRO. Horarios de traballo.

- No epígrafe 3.2) O persoal dos servizos farmacéuticos de inspección de saúde pública realizará un horario entre ás 7:45 e ás 20:45 horas, de luns a venres, mediante o establecemento de quendas obrigatorias.

Establécese con carácter xeral o horario seguinte:

-Quenda de mañá: de 7:45h a 15:15h.

-Quenda de tarde: de 13:15h a 20:45h.

O horario da quenda de tarde, a efectos de racionalización do mesmo, facilidade para a conciliación etc., se prestará dende as 14:00 ata as 20:45 tendo en conta que se trata dun horario fora do habitual dos funcionarios.

A quenda de tarde non poderá exceder de 5 tardes ao bimestre.

- **No epígrafe 3.3)** Durante as fins de semana e festivos, o horario quedará determinado pola prestación de servizos nas dúas modalidades de presenza física e/ou de presenza localizada, segundo o establecido no PUNTO CATRO.

A garda de presenza localizada será efectuada necesariamente **desde ás 09:00 h ata ás 20:45 h do sábado e do domingo, e, de ser o caso, do correspondente festivo, cos medios materiais necesarios, achegados pola Consellería de Sanidade.**

- De coincidir un único festivo no período semanal, a prestación de servizos correrá a cargo das persoas que teñan asignadas os servizos da seguinte fin de semana.

- De coincidir máis dun único festivo na mesma semana, faranse cargo dos servizos no primeiro festivo o persoal FISP que tivera asignado o servizo da fin de semana anterior e do segundo o persoal FISP que tiveran asignados os servizo da fin de semana seguinte.

- **Primará a distribución equitativa dos festivos coincidentes no período de luns a venres entre o persoal, realizándose un reparto igualitario entre o mesmos, de xeito rotatorio.**

As gardas de presenza localizada non excederán de 4 ao ano.

No epígrafe 3.4) Durante os festivos coincidentes no período de luns a venres, a prestación de servizos farase segunda a modalidade de presenza localizada, en horario de 7:45 h a 20:45 h da seguinte forma:

- De coincidir un único festivo no período semanal, a prestación de servizos correrá a cargo das persoas que teñan asignadas os servizos da seguinte fin de semana.

- De coincidir máis dun único festivo na mesma semana, faranse cargo dos servizos no primeiro festivo o persoal FISP que tivera asignado o servizo da fin de semana anterior e do segundo o persoal FISP que tiveran asignados os servizo da fin de semana seguinte.

- **Non tanto, primará a distribución equitativa dos festivos coincidentes no período de luns a venres entre o persoal, realizándose un reparto igualitario entre o mesmo de xeito rotatorio.**

Estes datos veñen xustificadas polo número de efectivos concretos no corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública.

A proposta dos máximos reflectidos con anterioridade cobre con creces as necesidades de inspección co fin de previr risco para a saúde pública que poidan xurdir durante as quedas previstas.

Xustificación:

Dado que o número de efectivos no corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública (FISP) é moito menor que o do corpo de veterinarios de saúde pública, solicítase a redución dos máximospropostos que resultan claramente excesivos, e incluso superiores aos establecidos no acordo do corpo de veterinarios.

Na seguinte táboa amósanse os ratios por provincia para cubrir, ao menos un inspector, as demandas de traballo que poidan xurdir nas quendas de tarde, fin de semana ou festivo.

		PRAZAS/ZONA		PRAZAS/PROVINCIA		RAT IO PRAZAS PRESUPOSTADAS	RATI O PRAZAS CUBERTAS	RAT IO PRAZAS PRESUPOSTADAS	RATI O PRAZAS CUBERTAS
PROVINCIA	ZONA FARMACÉUTICA	PRAZAS PRESUPOSTADAS	CUBERTAS	PRESUPOSTADAS	CUBERTAS	TARDES/BIMESTRE POR INSPECTOR	TARDES/BIMESTRE POR INSPECTOR	GARDAS FIN DE SEMANA/ANO POR INSPECTOR	GARDAS FIN DE SEMANA/ANO POR INSPECTOR
A CORUÑA	NOIA	6	5	31	26	1,29	1,54	1,68	2,08
	FERROL	6	4						
	SANTIAGO	7	7						
	A CORUÑA	12	10						
LUGO	BURELA	4	4	16	15	2,5	2,67	3,25	3,47
	MONFORTE	3	2						
	LUGO	9	9						
OURENSE	OURENSE	11	10	15	14	2,67	2,86	3,47	3,71
	VERÍN	2	2						
	O BARCO	2	2						
PONTEVEDRA	LALÍN	2	1	26	21	1,54	1,90	2	2,48
	VIGO	13	11						
	PONTEVEDRA	11	9						

Deste xeito, o número tardes ao bimestre que resultaría necesario traballar por inspector para cubrir as necesidades de inspección en cada provincia sería de 1,6 para A Coruña; 2,7 para Lugo; 2,9 para Ourense e 1,9 para Pontevedra.

Este cálculo realízase tendo en conta as prazas cubertas na actualizade. No caso de que o cómputo se realice en función das prazas presupostadas, o ratio diminúe considerablemente na maioría das provincias, resultado: 1,2 para A Coruña; 2,5 para Lugo; 2,7 para Ourense e 1,5 para Pontevedra.

No caso das gardas, os ratios obtidos en función das prazas ocupadas son 2,08 (A Coruña); 3,47 (Lugo); 3,71 (Ourense) e 2,48 (Pontevedra) e en función das presupostadas: 1,68 (A Coruña); 3,25 (Lugo); 3,47 (Ourense) e 2 (Pontevedra) en función das prazas presupostadas.

A proposta dos máximos anteditos cubre con creces as necesidades de inspección que poidan xurdir durante as ditas quedas co fin de previr riscos para a saúde pública.

- **No epígrafe 3.6)** É necesario que **se concrete no acordo cales van a ser as circunstancias excepcionais** establecidas pola Dirección Xeral de Saúde Pública para establecer servizos extraordinarios e a **súa motivación, que debe ser moi restrinxida e xustificada completamente, de tal xeito que non sexa fundamentalmente discrecional**, e se debe considerar que os farmacéuticos afectados **dependen das Xefaturas Territoriais** polo que deberían ser estas as que establezan as circunstancias.

No punto CUARTO. Funcións durante a fin de semana (traballos que excedan o horario ou a xornada ordinaria.

- **No epígrafe 4.2)** A presenza física será **unicamente** nos seguintes casos:

-Inspección, vixilancia, toma de mostras e/ou control da calidade no ámbito da saúde pública de actividades **non programadas** que requiran un especial seguimento, **en concreto** alertas, denuncias, catástrofes e accidentes.

-Investigación, detección e control de factores de risco dos **abrochos** das enfermidades de orixe ambiental, tanto que se orixinen no período como os que se iniciasen con anterioridade e requiran dun seguimento especial.

É dicir, débese eliminar calquera actividade que poda ser programada ou que se poda levar a cabo no horario de semana.

No punto QUINTO. Compensacións polo réxime especial de prestación de servizos que excedan o horario ou a xornada ordinaria.

- No epígrafe 5.2) O complemento específico dos postos debe retribuír as condicións específicas de traballo do persoal inspector de Saúde Pública e **desagregar o complemento específico do complemento específico diferencial que deberá retribuír, a maiores, condicións singulares (quendas e disponibilidad e gardas)**

Farmacéutico inspector de saúde Pública: CE de 883,93 €/mes e un CE diferencial de 139,01 €/mes como mínimo.

Coordinadores/as de Programas de Saúde Ambiental: CE acorde ás funcións por determinar no punto 3.7 do acordo e tomando como valor base o establecido para un posto equivalente noutros corpos de inspección en Saúde Pública.

A cuestión dos **coordinadores dependerá das características do posto así coma do seu nivel**, non sendo o mesmo de tratarse dun nivel 25 (que sería o equivalente a un director técnico sanitario da escala veterinaria de saúde pública, aínda que este é un posto de asesoramento e non de dirección ou coordinación) ou dun posto de nivel 26 equivalente a unha xefatura de área que é un posto de dirección e coordinación.- No epígrafe 5.3) **As actuacións efectivas que excedan a xornada ordinaria** serán retribuídas en relación directa coas horas ou fraccións de hora efectivamente empregadas. Computarase como tempo necesario para cada actuación o empregado polo/a funcionario/a dende o punto de inicio e final da actuación, que corresponderá coa localización da zona onde estea destinado. Fíxase un **valor de 27,74 euros/hora establecendo un mínimo de 3 horas por saída en sábados domingos e festivos. O computado comezará dende a saída do inspector actuante do seu domicilio.**

No caso de que polas circunstancias das actuacións efectivas, estas se prolongasen por riba da hora fixada como de garda (20:45 h) o valor da hora ou fracción, a partires dese momento, se incrementaría un 25%.

Actualizarase esta contía na porcentaxe que se estableza para o conxunto dos empregados públicos na lei de orzamentos.

A realización de actuacións efectivas xerará un número equivalente de horas ou fracción de compensación no horario xeral, no caso de que se realicen de luns a venres, e no caso de que se realicen en sábados, domingos e festivos se aplicará un factor corrector de 1,5 por hora ou fracción.

As horas de compensación deberán ser desfrutadas no seguinte trimestre ao que se realizaron, podendo ser acumuladas segundo solicite o inspector.

No punto SEXTO. Mobilidade do persoal farmacéutico inspector de saúde pública.

A mobilidade dos efectivos en ningún caso será permanente, deberá ter unha xustificación axeitada que indique que non existe outra alternativa e terá unha duración máxima de 25 días hábiles ó ano, cumprido de xeito fraccionado ou continuado.

Engadir un punto NOVENO. Efectos económicos.

As modificacións retributivas derivadas do presente acordo terán efectos económicos dende a data da súa sinatura.

Toda modificación na táboa salarial dos inspectores de saúde pública, corpo de veterinarios oficiais de saúde pública e corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública, aplicarase de xeito equivalente en ambos corpos.

En relación aos coordinadores solicitamos un desenvolvemento claro das súas funcións e se van formar parte de postos incluídos na RTP directamente das prazas de FISP, así como cal vai a ser a financiación deses cambios.

O comité executivo de SEPGA